

OPINIÓN


[Volver](#)

TRIBUNA

Presidente do comité científico do II Congreso Nacional de Atención Sanitaria ao Paciente Crónico Facendo camiño fronte á pandemia do século XXI

Felix Rubial Bernárdez | 8/1/2010

Os vindeiros 25 e 26 de febreiro celebrárase en Santiago de Compostela o II Congreso Nacional de Atención Sanitaria ao Paciente Crónico



(www.cronicoscompostela2010.org). Baixo o lema «Caminando juntos para mejorar los cuidados del paciente crónico», preto de catrocentos especialistas de toda España daranse cita para debater, analizar, discutir e avaliar as medidas e actuacións que no eido da atención á cronicidade se están a implantar en todo o Estado. Pero este non é un congreso máis. Non reúne a membros de ningunha sociedade científica específica nin sequera a equipos interesados nunha patoloxía concreta. Non é o caso. Trátase dun congreso absolutamente multidisciplinar, no que teñen voz e cabida dende o persoal facultativo ou de enfermería ata os pacientes e as súas asociacións, sen esquecer a xestores, planificadores, investigadores ou traballadores sociais; unidos todos eles para acadar acordos sobre como adaptar o sistema sanitario a esta nova realidade. E isto é así por pura necesidade. A abordaxe das enfermidades crónicas, sexa cal sexa a patoloxía concreta da que falemos, require en todos os casos dunha visión integral e integradora, na que desenvolvamos o noso papel de xeito coordinado.

Para describir o impacto das enfermidades crónicas abonda con remitirnos aos datos da Organización Mundial da Saúde, que estima nun 60% da mortalidade mundial a causada polas enfermidades do aparello circulatorio, a diabeto, o cancro e as patoloxías respiratorias ou dixestivas crónicas. En España existen estudos que revelan que un 80% das consultas de atención primaria e un 60% dos episodios de hospitalización son debidos a enfermidades crónicas, que representan conxuntamente un 70% do gasto sanitario. Estes indicadores son suficientemente explícitos. Estamos a falar dun problema de primeira magnitude, que xa foi definido por algúns autores como o maior reto para os sistemas de saúde e a auténtica pandemia do século XXI.

Fronte a esta transformación epidemiolóxica global estanse producindo unha serie de cambios de enorme interese. Así, pacientes e tecnoloxías teñen experimentado evolucións moi relevantes nos últimos tempos. Os primeiros adoptan un papel cada vez máis activo na toma de decisións e no seu autocoidado, están mellor informados e teñen expectativas crecentes, non sempre satisfeitas. Pola súa banda, a tecnoloxía ofrece novas aplicacións de apoio á decisión clínica, aos telecoidados, ou ao uso compartido de

información. Todas estas circunstancias representan unha inmensa oportunidade para transformar un modelo asistencial que resulta extraordinariamente efectivo na atención ás fases agudas das enfermidades, pero que xestiona deficientemente as condicións que requiren coidados prolongados ou desenvolver unha atención proactiva e preventiva. Os obxectivos do congreso, por tanto, céntranse en abrir vías para ese cambio necesario, poñendo enriba da mesa todas as accións e actividades que se están levando a cabo en todo o mundo e avaliar os seus resultados, coa finalidade de que poidan servir de xermolo ou de estímulo a novas iniciativas innovadoras ou transformadoras.

A celebración deste congreso en terras galegas responde ao interese que dende a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde se ten por facer partícipes a todos os profesionais sanitarios destes novos requirimentos, ao tempo que se proporciona un escaparate no que poder presentar iniciativas, avances e estratexias organizativas que se están a levar a cabo na xestión da cronicidade. Porque cómpre compartir coñecemento para avanzar xuntos no camiño correcto.



© Copyright LA VOZ DE GALICIA S.A.

Comercializa publicidad local:

Polígono de Sabón, Arteixo, A CORUÑA (España)

Comercializa publicidad nacional:

Inscrita en el Registro Mercantil de A Coruña en el Tomo 2438 del Archivo, Sección General, a los folios 91 y siguientes, hoja C-2141. CIF: A-15000649.